

## Normas Técnicas

### ***NORMAS TÉCNICAS DA ACUICULTURA ECOLÓXICA.***



COPIA CONTROLADA:  No  Si : nº \_\_\_\_\_ Assignada a: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

## ***NORMAS TÉCNICAS DA ACUICULTURA ECOLÓXICA***

### MODIFICACIÓNS RESPETO A EDICIÓN ANTERIOR:

-Inclúense as Normas Técnicas para a produción de moluscos bivalvos en parques de cultivos mariños

Elaborado pola Dirección Técnica

Revisado e aprobado polo Presidente:

### ÍNDICE:

- 1.- OBXECTO
- 2.- ALCANCE
- 3.- REFERENZAS
- 4.- REALIZACIÓN
  - 4.1.- Normas Técnicas xerais para a produción de mexillón.
    - 4.01.01 Plan de explotación sostible.
    - 4.01.02 Orixe da mexilla.
    - 4.01.03 Técnicas do cultivo.
    - 4.01.04 Trazabilidade e control documental da actividade.
  - 4.2.- Normas Técnicas para a produción de moluscos bivalvos en parques de cultivos mariños.
    - 4.02.01 Plan de explotación sostible.
    - 4.02.02 Especies de cultivo.
    - 4.02.03 Técnicas de cultivo.
    - 4.02.04 Calidade da auga.
    - 4.02.04 Trazabilidade e control documental da actividade.

## **1.- OBXECTO**

O Consello das Comunidades Europeas aprobou, o 28 de xuño de 2007, el Regulamento Nº 834/2007 sobre produción e o etiquetado dos produtos ecolóxicos polo que se derroga o Regulamento (CEE) nº 2092/91. O Regulamento (CEE) nº 2092/91 queda derrogado a partires do 1 de xaneiro de 2009, aplicándose a partires do 1 de xaneiro de 2009 o Regulamento (CE) Nº 834/2007.

As disposicións do Regulamento 834/2007 son as normas básicas para a agricultura ecolóxica consensuadas a nivel comunitario. No considerando (40) o Regulamento 834/2007 din textualmente: “Á espera da adopción das normas comunitarias detalladas de produción para determinadas especies animais e plantas acuáticas e microalgas, convén que os Estados membros poidan dispor da aplicación de normas nacionais ou, a falta destas, normas privadas aceptadas ou recoñecidas polos Estados membros.” No artigo 15 do citado Regulamento establécense as normas de produción acuícola dentro do marco da produción ecolóxica

A normativa europea se completa co Regulamento 889/2008 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 834/2008 do Consello, sobre produción e o etiquetado dos produtos ecolóxicos, con respecto a produción ecolóxica, a seu etiquetado e a seu control. Nembargante, non se regulan todas as técnicas ni todos os produtos susceptibles de obterse ou utilizarse segundo o sistema de produción agroalimentario ecolóxico.

Coa publicación do Regulamento (CE) nº 710/2009 da Comisión do 5 de agosto de 2009 que modifica o Regulamento (CE) nº 889/2008 polo que se establécense as disposicións de aplicación do Regulamento(CE) nº 834/2007, no que respecta a fixación de disposicións de aplicación para a produción ecolóxica de animais da acuicultura e das algas mariñas, se completa a normativa de rango europeo que es de aplicación á acuicultura ecolóxica en Galicia.

Os obxectivos destas Normas Técnicas da produción acuícola ecolóxica son:

- concretar certos aspectos normativos contemplados no Regulamento (CE) 834/2007, o Regulamento (CE) 889/2008 e o Regulamento(CE) 710/2009 pero que no quedan suficientemente definidos y dan pé a interpretacións diferentes.
- establece a normativa técnica aplicable polos operadores a certas producións e en relación a certos aspectos técnicos non contemplados nas normas de produción.
- axusta-la normativa que define o sistema de produción acuícola ecolóxica as características e especificidades propias da Comunidade Autónoma de Galicia:



## 2.- ALCANCE

A actual versión do caderno de Normas Técnicas será de obrigado cumprimento previa aprobación pola Consellería competente na materia de agricultura e a aprobación do Pleno do C.R.A.E.G.A. para todas as persoas físicas o xurídicas que interveñan na produción, elaboración, e importación de países terceiros, almacenado ou comercializando os produtos (en adiante operador) que a continuación indicasen, sempre e cando estes produtos leven ou pensen levar indicacións referentes a o método ecolóxico de produción, e hasta o momento en que estes produtos estean dispostos para a súa venda o consumidor final:

- a) animais e produtos animais de acuicultura continental.
- b) animais y produtos animais de acuicultura mariña.

### **3.- REFERENCIAS.**

- Procedemento Operativo de Calidade 09 “Procedemento para a xestión da inscrición nos rexistros”.
- Norma UNE – EN ISO/IEC 17065: “Requisitos para os organismos que certifican produtos, procesos e servizos”.

## 4.- REALIZACIÓN.

### 4.01. NORMAS TÉCNICAS PARA A PRODUCCIÓN DE MEXILLÓN.

#### 4.01.01. Plan de explotación sostible.

4.01.01.01. Todo operador que queira desenvolver a actividade deberá contar coa Concesión Administrativa do Viveiro expedida pola Consellería competente en materia de acuicultura mariña onde se detallan as características, a situación, o título habilitado, os titulares e as especies autorizadas.

4.01.01.02. Todos os materiais empregados na construción e mantemento da estrutura (batea) deberán ser xestionados no porto mediante xestores autorizados, cando se deteriore e queden fora de uso.

4.01.01.03. Os produtos empregados para o mantemento das estruturas, deberán ser o mais respectuosos co medio ambiente.

4.01.01.04. As cordas, palillos, e calquera outro material que se vea deteriorado e que se queda fora de uso deberá xestionarse en porto mediante xestores autorizados.

4.01.01.05. Os residuos orgánicos xerados durante a actividade de produción ou colleita do mexillón xestionarase preferiblemente en porto mediante xestores autorizados.

#### 4.01.02. Orixe da mexilla.

4.01.02.01 Cando a mexilla proceda de leiteo de poboación silvestre o operador contará coa oportuna autorización da consellería competente en materia de acuicultura mariña, onde se fixan os prazos e cantidades autorizadas para cada batea, e se cumpren coas obrigas da lexislación vixente.

4.01.02.02 Para o asentamento natural de material de reprodución en colleiteiros se poderán colocar ata 100 cordas por batea.

#### 4.01.03 Técnicas de cultivo.

4.01.03.01 El pique da cría se poderá facer sempre e cando a mexilla sobranse se empregue para a confección de novas cordas. O incremento de cordas que xeran non poderá exceder la densidade de una corda por metro cadrado de superficie.

4.01.03.02 Se permite el desdoble das cordas sempre e cando non se exceda o límite de una corda por metro cadrado de superficie.

4.01.03.03 Todos los residuos xerados nestas actividades así como na colleita final deberán axustarse a o reflectido no apartado 4.01.01.

### **4.01.04. Trazabilidade e control documental da actividade.**

4.01.04.01. Se deberá gardar rexistro das tarefas de cultivo que se realizan en cada batea, onde se poida identificar a data e a actividade realizada. No caso de que a actividade non afecte a totalidade das cordas da batea se indicará tamén a que cordas ou conxunto destas afecta.

4.01.04.02. Se deberá levar un rexistro das saídas de produto, que permita coñecer a data, cantidade e destino das producións obtidas.

4.01.04.03. No momento da visita de control esta documentación está actualizada e a disposición do técnico do órgano de control para poder facer as verificacións oportunas. Tamén será preciso determinar a procedencia da mexilla, tanto si realizase a través de cordas colectoras (a través dos rexistros propios) como si procede de leitos silvestres (mediante as oportunas autorizacións).

## **4.02. NORMA TÉCNICA PARA A PRODUCCIÓN DE MOLUSCOS BIVALVOS EN PARQUES DE CULTIVO MARIÑO**

### **4.02.01. Plan de explotación sostible.**

4.02.01.01. Todo operador que queira desenvolver a actividade deberá contar coa concesión administrativa expedida pola consellería competente en materia de acuicultura mariña onde se especifiquen as características, a situación, o título habilitante, os titulares e as especies autorizadas. A selección das especies para a explotación e prácticas ecolóxicas farase utilizando preferentemente as que mellor se adaptan ás condicións locais.

4.02.01.02. Todos os materiais empregados para a sinalización, axuda á navegación e mantemento dos parques de cultivo deberán ser xestionados, cando se deteriorenen e queden fora de uso, mediante xestores autorizados.

4.02.01.03. Os produtos empregados para o mantemento das estruturas de sinalización e axuda á navegación, deberán ser respectuosos co medio ambiente.

4.02.01.04. O material utilizado nas labores de cultivo que se vexa deteriorado e que se queda fora de uso deberá xestionarse mediante xestores autorizados.

4.02.01.05. Os residuos orgánicos xerados durante a actividade de produción ou colleita dos moluscos bivalvos cultivados xestionaranse preferentemente mediante xestores autorizados.

4.02.01.06. Nos parques de cultivo ecolóxico debe favorecerse a protección das especies autorizadas. De producirse a fixación de especies invasoras, estas deberán ser retiradas do parque de cultivo e xestionadas mediante xestores autorizados.

### 4.02.02. Especies de cultivo.

4.02.02.01. Unicamente poderán cultivarse as especies autorizadas no título administrativo que habilite o exercicio da acuicultura no parque de cultivo.

4.02.02.02. O abastecemento de semente poderá provir de captación natural, no propio ou noutros parques de cultivo ou en zonas de cría de moluscos, de criadeiros e de unidades de preengorde.

4.02.02.03. Farase constar os datos relativos ao provedor mediante un rexistro propio.

4.02.02.04. Os animais que entren na instalación estarán sas. De este modo:

- A inmersión das especies no establecemento de cultivo deberá contar coa correspondente autorización da consellería con competencias en materia de acuicultura mariña.

- Os movementos de moluscos bivalvos vivos, tanto de semente como de adultos, entre establecementos de cultivo ou zonas de cría de moluscos deberán estar documentados, e de ser o caso, estarán amparados polo certificado sanitario correspondente. Estes movementos de animais vivos faranse de forma que se impida a mestura con animais non procedentes de sistemas de produción ecolóxicos.

4.02.02.05. A actividade de cultivo fundamentarase na cría de semente procedente da fixación no propio parque e, de non ser posible, procederá doutras explotacións ecolóxicas. Cando non existan estas posibilidades, poderá utilizarse semente de criadeiro. Neste caso, deberá contarse coa correspondente autorización das consellerías con competencias en materia de acuicultura mariña e sanidade animal. Non estará permitido a utilización de xuvenís procedentes de zonas de produción non ecolóxicas.

### 4.02.03 Técnicas de cultivo.

4.02.03.01. O cultivo dos moluscos bivalvos nos parques poderase desenvolver en calquera das seguintes fases: captación, preengorde e engorde.

4.02.03.02. Calquera actuación que se realice no parque que implique emprego de maquinaria, instalación de colectores de semente e sistemas de preengorde desmontables, colocación de elementos protectores fronte a predadores e modificación do substrato por achega ou retirada de áridos requirirá autorización expresa da consellería con competencias en acuicultura mariña.

4.02.03.03. A densidade de cultivo non poderá superar a autorizada pola consellería con competencias en acuicultura mariña.



# NORMAS TÉCNICAS

## NORMAS TÉCNICAS DE LA ACUICULTURA ECOLÓXICA



4.02.03.04. Os animais deberán cubrir as súas necesidades nutricionais na natureza, salvo no caso da semente cultivada en criadeiros.

4.02.03.05. A produción de moluscos bivalvos de xeito ecolóxico non debe ocasionar un impacto medioambiental negativo nos lugares de recolección e cultivo e reducirase ao mínimo o risco para as especies que teñan un interese de conservación.

4.02.03.06. As explotacións deberán implantar un sistema de autocontrol baseado no seguimento e rexistro de datos.

### **4.02.04. Calidade da auga.**

4.02.04.01. Os animais criaranse en augas que reúnan os criterios das zonas de clases A ou B. As características de cada zona están indicadas no anexo II do Regulamento (CE) Nº 854/2004 do Parlamento Europeo e do Consello do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas para a organización de controis oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano (DO L 139, do 30/04/2004, corrección de erros en DO L 226, do 25/06/2004).

4.02.04.02. As zonas de cría terán unha alta densidade ecolóxica segundo se define na Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, polo que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas (DO L 327, do 22/12/2000) e, na espera da súa aplicación, dunha calidade equivalente ás augas designadas na Directiva 2006/113/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de decembro de 2006 relativa á calidade esixida ás augas para cría de moluscos (DO L 376, do 27/12/2006).

### **4.02.05. Trazabilidade e control documental da actividade.**

4.02.05.01. Deberase gardar o rexistro das tarefas de cultivo que se realicen no parque de cultivo, onde se poida identificar a data e a actividade realizada.

4.02.05.02. Deberase levar un rexistro das saídas de produto, que permita coñecer a data, cantidade e destino das producións obtidas.

4.02.05.03. No momento da visita de control esta documentación estará actualizada e a disposición do técnico do órgano de control para poder facer as verificacións oportunas. Tamén será preciso determinar a procedencia da semente, tanto si é de criadeiro como de captación natural.